



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado xoves, 26 de outubro, o Diario Oficial de Galicia publicou a **actualización do anuncio** para recoller **manifestacións de interese para desenvolver en Galicia proxectos innovadores no ámbito da Industria 4.0** que permitan acadar un novo modelo industrial para Galicia fundamentado na innovación.

As principais novidades respecto do anterior anuncio, publicado no 2016, son: que **se amplía o alcance ás pequenas empresas** (antes só grandes e medianas); engádesse o **financiamento de proxectos de innovación** (antes só I+D); e o **orçamento mínimo do proxecto descende de 20 a 4 millóns de euros**.

Coas expresións de interese recibidas polas empresas publicarase unha nova **convocatoria a finais de 2017 ou comezos de 2018**, dotada con máis de 18 millóns de euros, para financiar o desenvolvemento de grandes proxectos de Industria 4.0 ou Fábrica Intelixente.

Por outro lado, queremos lembrarnos que este luns, 30 de outubro, publicouse a convocatoria dos **Instrumentos Financeiros Innovadores (IFIs)** previstos no Programa Operativo FEDER de Galicia 2014-2020. GAIN participa nunha nova liña de préstamos denominada IFI INNOVA, destinados a **apoiar proxectos innovadores que teñan como obxectivo mellorar a posición competitiva das nosas empresas**.

Na **páxina web de Gain** temos á vosa disposición toda a información deste instrumento, asemade, poñemos a disposición de todas aquelas empresas que teñan proxectos innovadores financiáveis, o noso **servizo de asesoramento** para resolución e aclaración de dúbidas a través de reunións bilaterais, que poderán solicitarnos a través do enderezo electrónico **servizos.gain@xunta.gal**, ou chamando aos teléfonos **881 999 471** e **981 54 10 76**.

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

